

Preparados pitiñas e pitiños e peixiñas e peixiños para a última semana:  
Cabeciñas pensantes a traballar !  
Agora que temos un pouco de práctica vai ser máis doado.  
Moita sorte e a comezar!

### PUZZLE SUDOKU

Como xa sabedes hai que encher as casiñas de modo que cada unha das seis filas, seis columnas e seis seccións 2 por 3, conteñan todos os números do 1 ao 6.

<b>6</b>			<b>4</b>	<b>5</b>	<b>2</b>
	<b>4</b>		<b>5</b>		<b>6</b>
<b>2</b>		<b>6</b>		<b>3</b>	
<b>1</b>			<b>6</b>		<b>5</b>
	<b>6</b>	<b>1</b>		<b>4</b>	
<b>4</b>	<b>2</b>	<b>5</b>			<b>1</b>

# TRABALINGUA

Para traballar a memoria sen parar de rir.



Collín cordóns,  
cordóns collín.



Polar rúa corro,  
cordóns collo.



Pola rúa corrín,  
cordóns collín.

## PARA RIFAR

Agora que xa podemos saír xogar á rúa,  
aquí vos vai un dito para rifar cos amigos.

Unha, dola,  
tele, catole,  
quile, quilete,  
anda a raíña  
polo seu gabinete.

Cinta de ouro  
para o mouro,  
cinta de prata  
para a gata.

“ Tu por tu,  
pagas tu”



# BATERIA DE ADIVIÑAS



TEÑO AGULLAS PERO NON SEI COSER, TEÑO  
NÚMEROS PERO NON SEI LER, AS HORAS DOU.  
SABES QUEN SON? (O Reloxio)

PRIMEIRO OVIÑO, DESPOIS CASULIÑO E MÁIS  
TARDE VOAREI COMA UN PAXARIÑO.  
QUEN SON?

(Bolboreta)




OURO PARECE, PRATA NON É.  
ABRAN AS CORTINAS E VERÁN O QUE É. (Plátano)



SAE AO CAMPO POLA NOITE SE ME QUERES  
COÑECER, SON SEÑOR DE OLLOS GRANDES,  
CARA SERIA E GRAN SABER. QUEN SON? (Moucho)

CHÉGANME AS CARTAS E NON SEI LER, E  
AÍNDÁ QUE AS TRAGO NON MANCHO O PAPEL.

(Caixa de correos)



CANTO NA BEIRA, VIVO NA AUGA, NON SON  
PEIXE E TAMPOUCO CIGARRA. (Ra)

